

Déspotas insensatos,  
Forxá, forxáde grillos;  
Pode oprimir o ferro,  
Un corpo enfraquecido;  
Mais as nobres idéas,  
E gloriosos instintos...  
Eses... non pode, non e  
(duro ferro,  
Nin a morte, extinguíos!  
Edoardo PONDAL

# A Nosa terra

(NUESTRA PATRIA)

Ano XXXX

BOS AIRES, MAIO DE 1945

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

Núm. 438

CORREO  
ARGENTINO  
Central B

FRANQUEO PAGADO  
Concesión No. 2032  
TARIFA REDUCIDA  
Concesión No. 2727



## Eduardo Pondal

como poeta, é a más outa e pura expresión  
da nosa raza.

Nos seus versos, rumorosos de pinais e  
de mar, soa o corno de Breogán con acentos  
de loita e de liberdade.

Ao pé do sagro doímen, alumiado pola  
estrela, o nobre bardo Gundar ergue o seu  
corpo lanzal, e con profética voz, crama:

**"LOS TEMPOS SON CHEGADOS!"**

## Himno galego

Q

Ué din os rumorosos  
Na costa verdecente,  
Ao rayo transparente  
Do prácido luar?  
¿Qué din as altas copas  
D'escuro arume arpado  
C'o seu ben compasado  
Monótono fungar?

— Do teu verdor cinguidas  
E de benignos astros  
Confin dos verdes castros  
E valeroso chan,  
Non dés a esquecemento,  
Da injuria e rudo encono;  
Desperata do teu sono  
Fogar de Breogán.

"Os bós e xenerosos  
A nosa voz entenden,  
E con arroubo atendón  
O noso ronco son,  
Mais sooo os ifiorantes,  
E féridos e duros,  
Imbéciles e escuros  
Non nos entenden, non.

"Os tempos son chegados  
Dos bardos das edades  
Que as vosas vaguedades  
Cumprido fin terán;  
Pois donde quer gigante  
A nosa voz pregoa  
A redenzón da boa  
Nazón de Breogán.

homaxe ao poeta Edoardo Pondal

## En Montevideo se prepara un gran homenaje al Consejo de Galicia

La simpatía, la satisfacción y el entusiasmo con que se ha visto la creación, en el mes de noviembre próximo pasado, del Consejo de Galicia, están bien patentes y ampliamente demostrados por los homenajes y agasajos de que es objeto desde su constitución. Primero ha sido la prensa de los emigrados gallegos de Buenos Aires y de toda América, que lo saludó con regocijo y puso sus páginas al servicio del mismo, para su propaganda y para sus comunicados; después las instituciones lo han reconocido por medio de notas, banquetes y otros homenajes.

Ahora nos llega la grata noticia de que nuestros hermanos de Montevideo, se preparan para celebrar el 9º aniversario del plebiscito del Estatuto de Galicia, que es el día 28 de junio. Con este motivo, ha sido invitado a concurrir el Consejo de Galicia, al que de sean rendirle un homenaje grande, emotivo y sincero. La grande y benemérita institución "Casa de Galicia" de Montevideo, que agrupa a la mayoría de los gallegos democráticos y liberales del Uruguay, patrocina los actos a realizarse.

Para tal fin, la Junta Directiva de dicha entidad, ha solicitado la colaboración de un grupo de socios destacados que se constituyeron en una amplia Comisión Auxiliar, que, con la Directiva, tendrá a su cargo la preparación y realización del programa de festejos. Para estos se ha solicitado la adhesión de las sociedades gallegas de todo América, especialmente las del Río de la Plata, que ya se empezaron a recibir, entusiastas y cordiales, y, además, se creó en Buenos Aires una Comisión Especial de Propaganda que actúa con éxito, en el sentido de enviar una nutrida representación de la Capital argentina.

Los actos a realizarse serán los siguientes: Una gran exposición de Castelao: su Álbum "Nos" y las Estampas de guerra civil, "Atila en Galicia", "Galicia Mártir" y los "Milicianos Gallegos", cuyo lema genérico es: "Vedes este povo, tan sofrido, tan sacrificado! Pois n'este povo, fixérone estas barbaridades". Esta exposición, cuyo éxito está descontado, se inaugurará el 10 o el 12 de junio en una de las magníficas Salas del Ateneo de Montevideo, clausurándose a fines de mes.

Otro acto del programa que, a juzgar por el entusiasmo ambiente, asumirá grandes proporciones, es el mitín que se realizará el sábado, día 30 del mismo mes, en el gran Salón de Actos del Ateneo, a las 21 y 30 horas, con la asistencia íntegra del Consejo, para lo cual vendrá de Chile uno de sus integrantes, nuestro amigo y compañero Ramón Sánchez Picallo. En este mitin intervendrán destacados oradores, cerrando el acto el Presidente del Consejo de Galicia, Don Alfonso R. Castelao.

El domingo 1º de julio, será ofrecido al Consejo de Galicia un gran banquete, al que se calcula una asistencia de ochocientos a mil comensales, servido en los grandes Salones de la "Cervecería del Uruguay". Para este acto, han sido invitadas prominentes figuras de la política, del arte y de la intelectualidad uruguaya, muchas de las cuales ya han enviado su aceptación. Por lo que dejamos escrito, a grandes rasgos, ya se puede calcular la importancia y la enorme trascendencia que alcanzará este año el aniversario y conmemoración del plebiscito del Estatuto de Galicia. No podemos menos de felicitar, con toda nuestra emoción de emigrados, a nuestros hermanos del Uruguay y decirles con toda la fuerza de nuestros pulmones:

¡A NOSA TERRA E NOSA!

## Francisco Añón

1878 — dia 20 de Abril — 1945

O dia 20 de Abril de 1878 morreu nun hospital de Madrid o poeta gallego Francisco Añón. Nado en San Pedro de Outes, Partido xudicial de Muros, o dia 9 de outono de 1812, levou unha vida inquedada e percorreu países sen que a sorte lle fora vorabel en ningún intre.

Poeta inspirado e grande patriota soñou decote con Galiza, a que adicou as más importantes das suas composicións poéticas, amostrando unha afervoada fé no pronto rexurdimento da

sua persoalidade política.

"O Magosto", "Recordos d'a Infancia", "A Pantasma", varios hinos e "A Alma en Pena" figuraban entre as moitas composicións que se conservan da abundante producción deste destacado poeta.

D-ele dí Curros Enríquez: "...escrarecido cantor da nosa Terra en cujas inspiracións palpesta, chea de xuventude e de vigor a savia da nosa heroica raza i-o xenio da nova gloriosa naciónalidade..."

**CLAUDIO FERNANDEZ**  
AXENCIA CENTRAL "DODGE"

AUTOMOVILES  
E CAMIONS

660 - MORENO - 680  
U. T. 33-6484 y 7444

752 - VICTORIA - 760  
U. T. 34 Defensa 7823

## Nova distinción ao Dr G. Sánchez Guisande

A "Asociación de Historia de la Medicina de La Plata", nomeou ao prestixioso home de cencia galego, noso benquerido irmán Dr. G. Sánchez Guisande,



Membro Correspondente estranxeiro.

A nosa coleitividade ten de mirar compracida que os nosos valores, xa universalmente reconecidos, como n'este caso, pois o Dr. Sánchez Guisande é un outo eispoñente científico tanto no campo da Anatomía coma no da Fisiología, sexan doadamente apreciados n'este país tan querido polos galegos.

Ista nova distinción de que foi ouxeto o irmán Dr. Sánchez Guisande, échenchon a todos de lealdade, e A NOSA TERRA envíalle os seus más quentes e agarrados parabéns.

## NA DATA DO 25 DE MAIO

O movemento de Maio, que marca a crise do imperio colonial hispánol, motivada pola falla de fleixibilidade para axeitarse as condicións cambiantes na vida dos povos, falla de que adoeceu a política dos austrias e se agudizou na dos borbons quedando com, unha condición conxénita do imperialismo castelán; ese movemento de Maio, repetímos, xurde con un marcado selo liberal e democrático.

A groriosa data do 25 de Maio asinala o nacemento da Patria Argentina.

A acción libertadora dos patriotas arxentinos, e dos homes de sentimento democrático que a eles se avencellaron, non soio botou as bases de esta "nova e groriosa Nación", senón que fixo que o Sol de Maio brillara para os demás povos deste continente. Eles, con un craro ver da solidaridade, levaron as suas armas a romper nos povos irmáns aquela rixides do sistema colonial que era incompatible coas ansias de vida libre e cos ideais democráticos que se esparsen polo mundo.

A NOSA TERRA, paladín no Novo Mundo do rexurdimento da Patria Galega, esmigada hoxe por aquel mesmo centralismo inflesibel que foi crebado na data do 25 de Maio, asóciase con afervoado entusiasmo a esta groriosa efemérides, coa ritual invocación: "Ao grande povo Arxentino saude!".

**LEONARDO**

**PEREIRA**

Encárguelle o seu traxe  
E BÓ XASTRE

IÉ GALEGO

Sarmiento 1495 1er. piso  
U. T. 45-5297 Bs. Aires

## Agasallo a Alonso Ríos

O "Centro Pontevedrés" vai agasallar a Antón Alonso Ríos. Será o día 16 d'este mes, as 21 horas na "Casa de Galicia", rúa San José 224.

Trátase de unha mañífica idea que vai a ter realidade i-é un homenaxe ben merecido o que se lle vai a trebutar ó vello loitador galego, que sempre foi acreedor ó carío e amistade dos "bós e xenerosos".

Decimos vello loitador, non polos anos que conta Alonso Ríos, senón polos moitos que leva traballando a prol dos nobres ideais de xusticia e liberdade que sempre soupo interpretar e defender como poucos o fizeron.

Alonso Ríos ainda é un rapáz, polo seu espírito xoven e fecundo i-los anos non fan mella no seu entusiasmo, na sua aitividade nin nas suas enerxías sempre anovadas. Diríase que é sempre mozo, pois, decote andan a rebulir no seu pensamento inquedanzas novas i-á sua laboura, tanto com á sua conduta, reita e varil, son dinas de loubanza e dinas de terse como eixempro.

A sua obra, en Galicia e na emigración, e como un cataclismo de doutrina dino de ser aprendido e prauticado por cancos aspiren a ter un quente recullo na consideración das xentes i-á deixar detrás de si un ronsel que marque unha roita, fecunda no presente e promeseira pr-ó adiante.

Home sempre despsto a facer o ben, polo ben mesmo, endexamás reparou, nin repará, en sacrificios e Galicia, a nosa patria, ten nél un dos seus melhores guieiros, un dos seus melhores abandeados. Por elo, cancos homaxes se lle fagan a este bon galego teñen xustificación no consenso de todos nós, pois, sendo un home de outa xerarquia moral e de probado patriotismo, irradia as suas virtudes e faise dino do aprecio i-á benquerencia.

¿Quén non conoce, eiquí entre nós, a sua constante aitividade i-á sua patriótica preocupación por Galicia e polas cousas galegas? Todos as conocemos e podemos dar fé delas. Dende fai moitos anos somente vive, pensa i-autúa por e pra Galicia. Primeiro nas sociedades, centros e grupos dos emigrados como organizañor, maestro, director de publicacións e conselleiro de seus hirmáns. Despois, en Galicia, político de garra, militante ativo no agrarismo de Pontevedra, que orgaizou con criterio novo pr-á loitar; logo Diputado eleito

polos agrarios d-aquela provincia ó Parlamento hispánol donde soupo responder ós anceiros iás esperanzas dos seus representados, o tempo que traballa, con patriótico fervor, pola Autonomía de Galicia.

Máis tarde soldado da República xogando a sua vida á carta da libertade contra reaccións i-los crímenes franquistas. Despois fuxitivo dos lobos feixistas, non por medo ós dentes dos lobos, senón por noxo ás pezuñas dos porcos. Outra vez na emigración co seu espírito mozo, coas suas enerxías sempre latendo i-o seu patriotismo galego baténdolle no corazón i-asomando a fror de beizos. Verbas e feitos xúrdios. Aición. Traballo e sacrificio. Eso é Antón Alonso Ríos, galego enteirizo, republicano de lei, paladín da libertade. Guieiro. Home roto.

A sua, ainda hoxe efectiva, condición de Diputado galego fai que sexa membro e sagredario do Consello de Galicia constituído o ano pasado en Montevideo polos representantes galegos o Parlamento republicano hispánol, que se atopan no exilio. Nese Consello, como en todos os sitios i-en todas as partes donde autúa, contrebue a forzar a nova Galicia do mañán, con ampio criterio universalista e perfeito conocemento da sua responsabilidade como galego, como republicano, como demócrata e home de outo pensamento. Son moitos e bós os tídos que ten pra ser acreedor o noso respeito i-los fraterno cariño, pro, ainda que non fosen tantos, os galegos todos estariamos obligados a ver en Alonso Ríos a un dos máis diletos hirmáns i-un dos máis esgrevios e rexos loitadores pola causa galega.

Ese homenaxe que se lle fará ten o ben merecido i-o Centro Pontevedrés fai ben en honorar a un dos mellors fillos de Pontevedra e de Galicia. A NOSA TERRA adhírese a ese homenaxe e saúda ó gran loitador.

## A señora Dora Cela, enferma

No sanatorio do Centro Gallego foi sometida a unha intervención quirúrxica a Sra. Dora Cela, Vda. de Seco, o dia 28 do mes corrente.

A señora Cela de Seco, nosa irmáñiga de sempre, continúa internada na nosa primeira institución en donde mellora día a día.

Deseñámoslle unha pronta meliora total, e dámosselle desde xa os nosos parabéns.

## CASA DURAN

• SOMBREIROS

• CAMISAS

• BONETERIA

• PANTALOS

30 Gral. Bosch 30

U. T. 22 - 4405

AVELLANEDA (PINHEIRO)

Antramentas o meu espirito non acougue por sedimentación das tumultuosas ideias que agorá me invaden, quero atacar un tema vello, puramente galego, que me redima do lume pasional. Estamos informados de todo canto se ven facendo no deserto a prol da coordinación democrática hispánica e coñecemos ben as arelas populares que se sinten en España; pero ainda agardamos noticias d'un trámite, que será derradeiro, no que se vai a decidir a nosa aittitude futura. Por eso non falaremos hoxe de política aitual, porque estamos nas visporas de tomar unha resolución definitiva, que non depende de nós, senón da comprensión que revelen os ex-gobernantes da segunda República hispánica, axuntados en México.

Vaia por diante esta esplicación para que ninguén pense que vivimos ociosos e desprevenidos, ante o caos aitual, pois dia chegará en que poidamos demostrar a nosa dillixencia.

A raíz de seren creadas as Irmandades da Fala, todolos seus fundadores pensaron na importancia que terían os emigrados galegos no movemento reivindicador de Galiza. Así foi que Lois Porteiro Garea dirixeu unha carta aos nosos emigrados, que ninguén contestou. Esta carta escribeuna en Villalba (Lugo), antre o día 18 e 19 de xunio de 1918, no mesmo ano en que morreu, e ben pode considerarse como un testamento

## Unha xurdia declaración da Xunta da "F. de Sociedades Gallegas"

Non queremos deixar sin o merecido apraudo a declaración da Xunta Executiva da "F. de Sociedades Gallegas", aparecida no número de "Galicia" correspondente ao día 26 d'este mes.

D un pulo, coa devandita declaración ponse a Federación en primeira fía, codo con codo cos más ardidos defensores da nova política hispánica e de cordialidade humán e xustiza social pregoada ao longo e ao ancho do mundo pol-a irmandade de galegos, vascos e cataláns, baixo o nome de Galeuzca.

D-unha maneira crara e católica, a Xunta da Federación fai seus os postulados de unha democracia comprensiva e tolerante que respete e protexa os dereitos dos povos peninsulares e encamiñe a vida de España e da Península cara outros deseños de progreso, xustiza social e fraternidá e colaboración humán.

N'estes intres, nos que Galiza se atopa a si mesma, n'unha saudade de rexurdimento patriótico que non repara en cadeas nin en cadalso; n'estes intres, nos que os povos da Península se achegan a se entenden, i-estarrican as mans cara os demáis povos en altitude solidaria, é necesario e comenente que a nosa coleitividá aperte fías e teña concencia do deber que adestras lle está reservado. E o paso dado pola Xunta da Federación está a ton e revela sentido do que aos galegos lles compre facer.

E unha declaración que responde ponto por punto as demandas de un hoxe que non se cerrra en si, senón que outea en procura de novos e seguros camiños.

Aititudes, así, ben vidas se-

# Unha Carta Esquecida

Por  
CASTELAO

político do inesquecible patriota. A carta de Porteiro foi publicada pol-as Irmandades, nun folleto de 28 páginas, e difundida profusamente; pero endexamás foi comentada, a pesares da súa importancia. E por eso nós queremos sacala do esquecemento, ao comprírense 27 anos da súa publicación.

O dito escrito contén varias partes: "A unidade e grandeza de España", na que se revela cómo Galiza debe ser o vértice da confluencia Hispano-Portuguesa e Ibero-American; "Lingua, raza, persoalidade", na que se pon de bulto a necesidade de reivindicar os valores diferenciais de Galiza; "O erro francés", na que se combate o centralismo monárquico; "A axuda catalana", na que se esplica o intrés de Cambó e Ventosa a prol da loita cibdadán de Galiza; "A acción dos emigrados", na que se fai un nobre chamamento aos irmáns ausentes; "Unha contenda ao redor d'un vocablo", na que se xustifica o nacionalismo galego como superación do rexionalismo.

Imos comprenderiar a parte que se refire directamente aos emigrados en América.

Vela ahí:

"Dende o comezo da nosa campaña, temos mirado con singular cariño —cifrando nelo grandes espranzas— aos nosos emigrados, conocidos eiquí por 'americanos'."

"Fomos e somos honestos d-abondo para non pedirlles adhesión, nin dñeiro, nin tan si quera 'pasaxe' a fin de ir a velos e a pronunciar discursos e conferencias retribuídas; e non porque non arrelásemos avencellarnos con eles, senón por medo a que nos confundisen coa plaga de viaxeiros que van ás Américas para explotar o sentimento patriótico".

"Preferimos que soupesen de nós pol-as súas familias e polos amigos e compañeiros que eiquí teñan; que se o estiman comeñante orgaícen a protección que a política galeguista merece —intervida e ademanistrada por eles mesmos; que tomen aicións dos nosos periódicos 'Heraldo de Arosa', de Vilagarcía, i "El Noroeste", da Cruña; e que teñan as súas organizações galeguistas ultramariñas, autónomas, sen dependencia nin dunha nosa, i, en todo caso, ideal, atiúron de risibles 'parvenus', cujos soños cifrábanse en ter unha camisa planchada en Londres".

"Esta diñidade témolos nas horas presentes —as de maior cativeza de recursos— nestes intres en que nos creemos con puñanza intelectual suficiente e cunha vontade capaz de destruir as vellas organizações e forzar novos ideais, sentíndonos escultores do noso povo. Quén conoeza as mocedades de Ourense, Vilagarcía, A Cruña, Ferrol, Santiago, Monforte, etc., terá de reconecer que representan o máis seleito da raza, e que as integran homes de aición, Falla, un elemento, o dñeiro, moi dificultoso de axuntar n'un partido de labregos, mariñeiros e intelectuaes —fundamentalmente—; pero no que ainda non están industriaes, banqueiros e comerciantes, porque ainda non os consideran fortes d-abondo como para defender os seus intereses da agresión caiquil —secoencia do ingreso d'un galego nas fileiras galeguistas".

"O comercio de texidos e ultramarinos, o mesmo que a banca do século XIX, teñen antre nosos base castelán e leonesa. (Os nosos homes de valía, os máis arriscados para emprender negocios, emigraron en gran parte, e os casteláns e leoneses aproveitá-

ronse d'esta ausencia para facer a América en Galiza). Non perderon a súa nacionalidade como a perderon os cataláns; conservaron e mantiveron —i esto enalteceos— todolos valores de León e Castela; e cicáis por elo, contribuíron a esmagar, a estrucchar, a desprezar o noso".

"Ademáis, creo eu —i este é

un criterio persoal, que non espuixen en ningún escrito nin discurso— que os nosos comerciantes e industriaes gallegos instalados en América, que nada teñen que temer do caciquismo galego".

"Ademáis, creo eu —i este é

un criterio persoal, que non espuixen en ningún escrito nin discurso— que os nosos comerciantes e industriaes tardarán ainda

unha xeneración en galeguizar

se.

"Esplicareime. A nosa industria más puxante é a da conserva e salazón de peixe. Estableceron en Galiza os cataláns. Trouxeron —é natural— sede de riqueza; viñeron ao seu negocio —como iban á América os nosos".

"Foron estranxeiros na nosa terra i esplotaron canto puderon

ao povo traballador, que non sinteu por eles entusiasmo; eran os amos. Tampouco eles o sentiron

por nós; éramos os criados, que

traballábamos todo o día por

unhas cadelas".

"Na segunda xeneración, estes cataláns perderon a patria catalana sen gañaren a galega... A

patria hispánica non-a sentian,

porque xurde como eisaltación

de cada unha das outras. Aparecían —e ainda os hai— en Galiza, esplotando un negocio como

podían estar en Australia; a lei,

a paz interior i exterior, todo lles

intresaba en canto se reflexase

no precio do estano, nos cambios,

na cosecha; o demáis eran

'monsergas', 'poesía', que eles

tomaban por algo irrele, sen

aceite, sen folladela, sen

contido estibable para Liorna ou para Burdeos. Non escribiron un

libro sobre da súa industria —a

pesares de que plantea problemas

intresantísimos—, nin se

coidaron dos estudos oceanográficos, nada prepararon para estudos galegos; sentados á porta

da fábrica, oteando as lonxanías do mar cos prismáticos para

ver se asomaba a vela do galéon...; e os seus fillos, sen

ideal, atiúron de risibles "par

venus", cujos soños cifrábanse

en ter unha camisa planchada en

Londres".

"Agora iníciase, anque feble, un patriótico movemento galeguista na parte máis seleita dos descendentes d'estes cataláns, xa enteramente assimilados; pero os froitos que agardamos d-eles

ainda tardarán moitos anos en madurar".

"Por unha lei de imitación, perfeita e esplicable, os galegos adicados á industria deixáronse contaminar pola indiferencia, o desprezo, dos conservadores para toda obra galeguista; e ainda hoxe —con excepcións ben marcadas— atopámos nas nosas fermosísimas rías o tipo grotesco do mozo que viste en Inglaterra e ten a alma en Barbecho".

"O comercio de texidos e ultramarinos, o mesmo que a banca do século XIX, teñen antre nosos base castelán e leonesa. (Os nosos homes de valía, os máis arriscados para emprender negocios, emigraron en gran parte, e os casteláns e leoneses aproveitá-

ronse d'esta ausencia para facer a América en Galiza). Non perderon a súa nacionalidade como a perderon os cataláns; conservaron e mantiveron —i esto enalteceos— todolos valores de León e Castela; e cicáis por elo, contribuíron a esmagar, a estrucchar, a desprezar o noso".

"Por intuición de raza dominante, saben moi ben cal é a eficacia do idioma, e n'esta custión endexamás transixen. Para eles en España non hai máis idioma que o castelán; os outros son maneiras lamentables, descorteses, burdas, dexeneradas de falar, e impõe a súa eliminación polo ferro e o lume".

"Eles detrás do mostrador escoitan i entenden o galego; até o falan —é un elemento para o axuste!—; pero non poden concederlle rango de idioma".

"Os galegos que se formaron n'esta escola, castelanizáronse fortemente, e á semellanza dos seus xefes prohibiron aos fillos que falaran en galego —que era así como un pasado vergoñento, un antecedente lamentabel e deigrante".

"Ténase en conta, por outra banda, que os casteláns e leoneses comerciantes foron e son gente honrada e traballadora, que desplegaron grande actividad en varias das nosas cidades; que se casaron en Galiza con galegas e botaron raíces na nosa terra, cobrándolle verdadeiro cariño, contribuíndo á súa prosperidade con grandes esforzos; que os seus descendentes síntense completamente galegos, nosos; pero non acadan, non sinten, o problema do idioma, ou conciben de maneira castelán".

"Véxase porqué non se dá por agora en Galiza o fenómeno da colaboración d-unha maoría de industriaes e comerciantes, e se eles de momento se suman a nós, será polo descreto completo da vella política, máis non porque sintan plenamente o noso ideal".

"Este valdeiro encheráño, en gran parte, os galegos emigrados, non aiutando de nodrizas nosas, senón encarregándose de axudar ao movemento no orde moral i económico e na medida que crean comenente, con organizaciones autónomas para eses fins. Do máis urxente parécenme a creación d-un Instituto de Estudos Galegos, a cujo frente podia estar, por exemplo, o Professor Cabeza de León.

"Non quero eu —e parécenme que opinan o mesmo todolos meus colegas— que veña un cénitimo á nosas mans. Eu arelo que, paralelamente connosco, se constitúa nas Repúblicas americanas organizações galeguistas de emigrados e ordenen os seus fondos e os ademanistren e adiquen á laboura que xulguen máis dada e útil".

"Para patentejar o noso afevorado desexo de que así se faga e as nosas arelas de colaborar co que poidamos en tal sentido, ofrezco aos irmáns da outra banda do mar o seguinte":

"Os ourentadores da política galeguista temos preparados algunos libros; moitedume de notas de discursos; traducións de folletos estranxeiros (que representan, a noso xuicio, o máis valioso do pensamento europeo contemporáneo en orde a estas cuestións). Todo elo debe ser publicado axiña".

"Agora ben; i queren os emigrados facerse cárgo d'estes traballos, editalos súpetamente e obter unha de dúas cousas: ou

a venda moi barata, servindo intereses de propaganda, ou a verda a precio normal constituindo coas ganancias o primeiro ingreso para o partido?..."

"Perguntánnos algúns dálá e d-eiquí se non imos facer un viaxe a Cuba e á Arxentina. Conteste: Se os fondos que se obtén coas nosas conferencias han de destinarse á facenda dos partidos dálá (libres os nosos gastos), sí; ir nós para traer dñeiro, non me parece ben".

"Agora os emigrados teñen a palabra; e ademáis eles dirán se as que anteceden esaen as xustificadísimas sospeitas (que n'un diario víñ reflexadas) de que nesas tantas veces foron engañados".

Esto dixo Porteiro Garea no ano 1918, poucos meses antes de morrer. Por aquel entón ainda non se creara o Seminario de Estudos Galegos, nin a Revista "Nós", nin as Editorias "Céltiga", "Lar" e "Nós". Pero todos sabíamos que a cultura era a base preparatoria de calisqueira movimento reivindicador de Galiza e que esta obra requería un esforzo enteiramente desinteresado, que somentes poderían prestar os homes que trunfan na vida. E agora, ao releer a carta de Porteiro e coñecer a xenerosidade dos nosos emigrados, veo que os fundadores do galeguismo non soupmos insistir nas ideias do noso inesquecible compaño, porque outra cousa sería o noso acervo cultural se contáramos con axudas ecoómicas.

## Galeuzca ocupa o primeiro prano na política española

GALEUZCA acaba de porse, d-un seu pulo, a cabeza do movemento de recuperación do orde republicano español.

Aguirre, o dinámico persoero da nova política española encarregado no movemento de Galeuzca, de volta de catar en Europa todolos núcleos de opinión e de acción de dentro e de fora de España, imposto e documentado da realida de política da Península move en San Francisco os fíos da enredada trama que aisla aos republicanos esiliados, tratando de vencer os egoísmos e rivalidades que están entorpecendo a recuperación da República.

Sin darse acougo, Aguirre procura atopar os puntos de concordancia e establecer un común de nominador que faga posibel unha acción conjunta.

E indispensabel fixar as bases de coincidencia que permitan a constitución d-un goberno representativo de todolos forzas anti-franquistas. As forzas do interior así o reclaman, e o goberno de Euskadi, o Consello de Galiza i-as forzas representativas de Cataluña atiúan en ousoluto acordo con elas... Aguirre tena representación de todas esas forzas do interior e da exterior no que se refire a Euskadi, Galiza e Cataluña; e conta con asentimento de todolos restantes para o fin de chegar a unha unión. Soio falta que os esiliados de México e San Francisco sintan o chamado de esta hora crucial e superen as suas pequenezas deixando o paso aos deberes patrióticos, que xa dabondo estiveron esquecidos.

GALEUZCA, por boca de Aguirre, chama hoxe a todolos concienciados que non teñan miedo, a todolos patriotismos que non teñan arruñado de vez. E a sua voz terá de ser ouida por todos aqueles que aspiran a ser díxitos d'unha patria libre e d'unha humanidade redonda.

# Os galegos de Montevideo renden homenaxe a Galiza no IX Aniversario

## A coleitividade galega da Arxentina a

Damos hoxe a nómina da "Comisión de Propaganda dos actos a ficerse en Montevideo en conmemoración do 9º Aniversario do Estatuto de Galiza", os que terán lugar naquela cidade os días 30 de Xunio e 1º de Julho. Tamén reproducimos o programa de actos, que inclue a exposición de dibuxos de Castelao e os agasallos o Consello de Galiza.

DE MONTEVIDEO

### A Celebración do Plebiscito e os Agasallos ao Consello de Galiza

Compre facer constar que, a celebración do Plebiscito autonómico galego e os agasallos en honor do Consello de Galiza, están conquerindo as proporcións dun verdadeiro acontecemento.

A colonia galega, que goza eiqui do máis outo prestixio, nou soio revela un fervor patriótico i un entusiasmo pouco comúns, senón que irradia o seu fervor e dinamismo a gran parte da povoación, coa que mantén os máis cordiaes vencellos de amistade.

Unha delegación, chegada de Bós Aires, súmase co máis resolto empuxe aos que eiqui traballan a cotío a fin de que as celebracións e festexos programados adequiran compreta brillantez.

Moito contribuiu a que todos esperen con vivo intrés estes festexos da coleitividade galega, a favorabel acollida que as autoridades nacionaes e municipais lle están dispensando, e con elas as institucións, as persoalidades e o povo uruguai en xeral.

Este grande intrés revélase no feito de ter que cambiar de local por non dar o elexido para o banquete de agasallo ao Consello de Galiza, cabida as moitas persoas que dia a día se van sumando

liza.

Pol-a crónica recibida de Montevideo, que figura nestas páginas, podemos darnos unha idea das xestións, da aitividade e do entusiasmo espertados, nestes intres de fondo contido histórico e trascendental, pol-a conmemoración do aito plebiscitorio co que o povo galego amosou a sua vontade nazonal.

para participaren nesa demostración.

De Bós Aires chegan eiqui as mostras do grande intrés que esta celebración vai espertando; chegan cartas d'alelo, adhesións e felicitacións o aito. E tamén se fala moito da gran caravana que se está organizando naquela beira con unha nutrita representación da enorme coleitividade galega da Arxentina.

A ideia da importancia que en Bós Aires se lles concede aos amigos que eiqui se preparan, daa o intrés con que as grandes asociacións contestan, i-a parte que elas toman na orgaización da Comisión Auxiliar.

"Casa de Galicia", que é eiqui o motor de este alarde de patriotismo, non descoida detalle e pon en función os seus enormes medios e recursos, dando a máis exemplar mostra da sua conciencia patriótica.

A Xunta Directiva atópase secundada por unha Xunta Auxiliar, e, todos, sin distinción, tratan de superarse en aición e entusiasmo.

De ambas comisións mandamos para A NOSA TERRA fotos a fin de que ilustren esta crónica.

### PARA A CELEBRACION DO PLEBISCITO GALEGO COSTITUIUSSI EIQUI UNHA COMISION QUE COLABORA CO-A QUE FUNCIONA EN MONTEVIDEO

Co ouxeto de orgaizar unha caravana que concurra a Montevideo a conmemorar o 9º aniversario do plebiscito e rendir homenaxe o Consello de Galiza, en representación dos galegos da Arxentina, costitúuuse unha Comisión integrada por persoalidades representativas da coleitividade da maneira que sigue:

Presidente: Manuel Puente, (Irmandade Galega)  
Vicepresidente 1º: Antón Alonso Pérez, (F. S. Gallegas)  
Vicepresidente 2º: J. F. Longueira, (Centro Coruñés)  
Segredario: Alfonso Fernández Prol, (Centro Orensano)  
Pro Segredario: Santiago Suárez, (F. S. Gallegas)  
Tesoureiro: Eduardo Díaz, (Centro Pontevedrés)  
Pro Tesoureiro: Dr. Ramón Rey Baltar, (I. Galega)  
Vocales: Xesús Porto, Xosé B. Abraira, Xosé M. Cascaillares, Xosé M. Quintáns, Antón Rodríguez, Claudio López e Daniel Calzado.

Ista Comisión fixou a sua sede na rúa Rivadavia 3760 e nomeou varias Sub-Comisións pra millor ordear as suas tarefas.



A honorable Xunta Directiva de Casa de Galicia, de Montevideo, que está organizando un gran homenaxe a Consello de Galiza, co gallo de cumplirse o nove aniversario do Estatuto de Galiza. Dado o fervoroso entusiasmo e as extraordinarias proporcions que se lle quere dar a estos actos, este aniversario alcanzará amplitude histórica.

## Galeuza es un Movimiento que Trabaja por la Concordancia y Unión de Todos los Españoles

EL CARRO DE LA REALIDAD ESPAÑOLA SE DESVIO DE SU LINEA HISTORICA DESDE LOS TIEMPOS DE LOS REYES CATÓLICOS. — SOLO LA REPÚBLICA FEDERAL PUEDE PONER TERMINO AL PROBLEMA IBERICO

### DECLARACIONES DEL DIRIGENTE GALLEGO SEÑOR PRADA

A raíz de viaxe a Chile do noso irmán Rodolfo Prada, o prestixioso xornal "La Nación", de Santiago taixa declaración transcribimos.

Desde hace algunos días se encuentra en nuestra capital el dirigente gallego, don Rodolfo Prada quien viene procedente de Buenos Aires, con el objecto de cambiar ideas con sus compatriotas residentes y con los jefes de las colectividades vascas y catalanas acerca de la situación política española que, según los recientes acontecimientos, parece encaminarse a la rápida instauración de la República en la Madre Patria.

Ante tan promisorias perspectivas todos los grupos de refugiados que viven y laboran en Chile, vienen celebrando reuniones y entrevistas con el objecto de ir adoptando posiciones definidas para que el cambio de régimen en la Península, los encuentre firmemente unidos en torno a sus ideologías y programas.

Esta actividad no significa en modo alguno que los grupos estén divididos, pues todos coinciden plenamente en que el régimen que debe imperar en España es el democrático y republicano como corresponde a toda agrupación de hombres libres.

Lo que ocurre en verdad es que cada cual mira el problema desde el punto de vista de sus respectivos sentimientos y de acuerdo con sus doctrinas y con los anhelos de sus respectivos pueblos.

#### CON EL SEÑOR PRADA

Ayer visitamos al señor Rodolfo Prada en su Departamento del Hotel Ritz. El distinguido dirigente gallego nos recibió cordialmente no obstante de que se encontraba en esos momentos conferenciando con sus compatriotas señores Antonio Pérez y Ramón Suárez Picallo, miembro, este último, del Consejo Nacional de Galicia y Diputado a las Cortes de Madrid.

Impuesto de nuestro propósito el señor Prada tuvo especiales elogios para LA NACION, diario que en todo momento ha sido portavoz del pensamiento de los hijos de toda la península Ibérica que desterrados de sus pueblos por el régimen de Franco han encontrado en Chile un oasis de paz y de trabajo.

La charla se eubera lentamente. El señor Prada nos dice que aunque se encuentra radicado en la Argentina donde formó su hogar con una distinguida dama del país hermano.

que el señor Prada — que está manifestación de distintas nacionalidades ibéricas no es cosa caprichosa ni un programa de meros ideólogos sino que responde a las realidades como son que cada una de estas nacionalidades reúne las condiciones que definen a una nacionalidad: a saber; territorio característico, tradición, costumbres, cultura e idioma propios.

El hecho de que nosotros propugnemos e reconocimiento de nuestra nacionalidad no significa que propongamos la constitución de un Estado en cada una de ellas, no. Son razones ancestrales y espirituales las que nos empujan a formar en conjunto un solo Estado, sin la hegemonía de ninguna de las nacionalidades que lo compongan y que pueda garantizar la paz y la libertad del conjunto ibérico.

#### LA AUTONOMIA GALLEGA

Refiriéndonos al caso particular de Galicia nos manifiesta nuestro entrevistado que a aspiración de autonomía del pueblo gallego es muy antigua y que después de tres siglos de opresión centralista tuvo su renacimiento a mediados del siglo pasado en la producción literaria en idioma gallego y con profundo sentido nacionalista de Rosalía de Castro y otros poetas. Poco después esta aspiración se concretó en una doctrina y movimiento político con Alfredo Brañas en su libro "El Regionalismo". A principios del presente siglo tomó más cuerpo la idea nacionalista gallega con la organización de las "Hermandades da Feira" y posteriormente con la formación del Partido galleguista.

Proclamada la República los gallegos que habían contribuído a su instauración exigieron para Galicia del poder central el cumplimiento del Estatuto de Autonomía Federal que establecía la Constitución en base de ello el pueblo gallego en plebiscito amplio y democrático se pronunció por un millón doscientos mil votos en favor de la autonomía.

Este resultado magífico — dice el señor Prada — fué la labor patriótica realizada por grandes figuras gallegas como Alfonso R. Castelao, Ramón Suárez Picallo, Antonio Alonso Ríos e gran Maestro del galleguismo Alejandro Bóveda, fusilado por los tercios franquistas en la primera semana de la guerra civil. Es interesante señalar que ese martirio de la causa era un hom-

# rendirán homaxe o consello de o do plebiscito autonomista a adhirese unanimemente

bre joven y católico, cuyo único delito para los falangistas era su encendido amor a su tierra.

#### CONSEJO NACIONAL GALLEG

Ahora en el exilio, las grandes figuras de Galicia, diputados Alonso Castelao, Ramón Suárez Picallo, Antonio Alonso Ríos, representante de los campesinos gallegos y Elpidio Vilaverde, de la Izquierda republicana, han constituido el Consejo de Galicia con la alta misión de representar y defender la voluntad

expresada en 1936 por el pueblo de Galicia en los comicios republicanos.

Este Consejo está en contacto con el Gobierno vasco y con figuras representativas de Cataluña y bajo el signo de Galeuza sus trabajos están encaminados a llegar a un pleno entendimiento con las fuerzas democráticas y republicanas españolas, para que con los esfuerzos de todos los núcleos y partidos, instaurar la Democracia en España sobre la base de

una República Federal. Lejos, pues de ser Galeuza un elemento de disgregación está siendo la fuerza política española que más está trabajando por la concordia y unión de los exiliados españoles que tomarán el poder que Franco debe abandonar, porque está fuera del ambiente mundial que ha nacido con el triunfo de las Naciones Unidas y con el hundimiento definitivo de la barbarie hitleriana, termina diciéndonos nuestro amable entrevistado.

## Dr. José Antonio de Aguirre y Lecube

Los cuarenta años de vida del conocido político vasco don José Antonio de Aguirre y Lecube con tan diversa y fecunda actuación en múltiples actividades y con la participación que le ha correspondido en tantos sucesos de actualidad mundial, dificultan la breve reseña biográfica que nos proponemos ofrecer a nuestros lectores.

Desde la niñez se destacó en los estudios realizados hasta completar su profesión de abogado y en actuaciones de carácter cultural, religioso y deportivo. A los veinte años era presidente de varias instituciones juveniles católicas e integrante del Atlético de Bilbao, campeón de fútbol de España.

Durante los últimos años de la dictadura comenzó a figurar en las filas políticas del Partido Nacionalista Vasco, destacando la actuación que le correspondió durante el año 1930 y en la preparación de las elecciones municipales celebradas el 12 de abril de 1931, que determinaron la proclamación de la República Española.

Elegido concejal del Ayuntamiento de Guecho (Vizcaya), y Alcalde por designación del Municipio al quedar constituido, fue designado representante en la Comisión de Alcaldes Vascos, que patrocinó las candidaturas que se obligaron a defender el llamado Estatuto de Estella, en las Cortes Constituyentes de la Rca. Española. Candidato a Diputado a Cortes por las circunscripciones de Vizcaya (Provincia) y Navarra, fue elegido Diputado a Cortes por ambos distritos, renunciando el acta de esta última provincia. Desde el primer momento se destacó el señor Aguirre, como parlamentario de primera línea, por la honradez y el vigor de sus intervenciones. Con gran valentía, tenacidad y lealtad, combatió algunas deviciones sectarias de aquellas Cortes, anunciando las peligrosas consecuencias de la política antirreligiosa, que evidentemente influyeron en la formación del clima político que desencadenó la guerra civil. Defendió la necesidad de sancionar una Constitución Republicana Federal y el régimen de autonomía del País Vasco y de Cataluña. Fue el paladín más destacado en la defensa del Estatuto Vasco, en las asambleas celebradas en Pamplona y Vitoria y en la preparación del plebiscito, por el que Vizcaya, Navarra y Álava aprobaron el proyecto de estatuto que su famoso lema: "Civilización Cristiana, libertad vasca, justicia social", tuvo una gran popularidad y obtuvo sorprendentes resultados proselitistas.

Reelegido diputado a las Cortes españolas en los años 33 y 36, se hallaba en Bilbao al producirse el alzamiento militar del 18 de julio de 1936, colocándose a la cabeza del partido, al lado del gobierno legal republicano atacado por la sublevación militar, el fascismo español y las potencias totalitarias. En la sesión de Cortes del 1º de



fué nombrado en Guernica, Presidente del primer gobierno de Euzkadi, cargo que juró solemnemente, ante los representantes de los municipios vascos que lo eligieron, el Cuerpo Diplomático Consular que asistió a la ceremonia y las formaciones del incipiente ejército vasco, a diez y ocho kilómetros del frente de batalla, pronunciando en lengua vasca primeramente y luego en castellana el siguiente juramento: "Ante Dios humillado, sobre la tierra vasca en pie y bajo el Roble de Vizcaya en el recuerdo de los antepasados, juro cumplir mi mandato con entera fidelidad".

Presidió el Gobierno Vasco formado por representantes de todos los partidos políticos que en Euzkadi apoyaban a la república, improvisando un ejército de más de cien mil hombres, que fué un modelo de organización y de heroísmo. En las situaciones más críticas, mantuvo la unanimidad y cohesión del Gobierno, resolvió los infinitos problemas que la guerra planteó con tacto y aciertos excepcionales y cuando los ejércitos del general Franco con las fuerzas marroquíes traídas de África, las tres divisiones italianas, Littorio, Flechas Negras y 12 de Octubre, con las secciones de artillería alemana y la unidad aérea de esta nacionalidad "Legión Condor" iniciaron la conocida y potente ofensiva contra Bilbao, al exponer los mandos militares, que no existía ninguna posibilidad de resistencia, por la inferioridad de armamento y aún la numérica, de los ataques con los defensores, el señor Aguirre acentó la designación de general en jefe del Ejército Vasco y prolongó la defensa durante cerca de dos meses en condiciones increíbles que produjeron el asombro de cuantos estudiaron las operaciones militares y quedará como un ejemplo de los resortes morales que supo poner

en juego el Presidente del Gobierno Vasco, para agotar la resistencia del ejército que mandaba.

Cuando las fuerzas defensoras de la República se hallaban ya cercadas en Santander, pudo huir milagrosamente en el avión que fué comprado al Negus de Abisinia y que era el mismo en el que huyó al ser atacado por los italianos el emperador etope.

Es conocida por todo el discípulo y el sentido de orgullo que ha distinguido al Gobierno Vasco, tanto durante la guerra en territorio de Euzkadi, como en Cataluña a donde se trasladaron miles de refugiados vascos, en Francia y en los lugares de América, donde debieron hallar asilo los vascos que se vieron arrebatados de su patria. Algun día se publicarán los datos estadísticos, de las organizaciones de abastecimiento, refugios y asistencias de todas clases, que el Gobierno Vasco ha facilitado a sus compatriotas en el destierro.

Desde que se inició la guerra mundial, el señor Aguirre se puso incondicionalmente al lado de las Naciones Unidas, dirigiendo los oportunos llamamientos a todos los vascos, para que se incorporaran a los ejércitos aliados, estableciendo los términos de esta colaboración, con el Presidente del Gobierno Francés, señor Daladier y con otras personalidades.

El mes de mayo de 1940, el señor Aguirre se encontraba en Bélgica, visitando a su mujer, sus hijos, su madre y hermanos. Después de un terrible exodo en el que fallecieron una hermana del señor Aguirre y varios compatriotas que lo acompañaban en las acciones de guerra libradas cerca de Dunkerque. Ocupado el territorio por las fuerzas alemanas, después de largas y dramáticas

## Xornadas do Plebiscito Galego en Montevideo

### PROGRAMA DE ACTOS E FESTEXOS

#### O DIA 30 DE XUNIO:

As 9 horas. — Recibimento no porto das representaciones da Arxentina.

As 10 horas. — Excursión polos sitios históricos e lugares pintorescos dos arredores de Montevideo.

As 13 horas. — Xantar en honor das delegacións.

As 16 horas. — Visita a Quinta de Saúde, de "Casa de Galicia".

As 21 horas. — Gran mitin de esaltación do Plebiscito Galego, no local do Ateneo, de Montevideo.

#### O DIA 1º DE XULIO:

As 10 horas. — Ofrenda floral ao Xeneral Artigas e verbas alusivas, na Plaza Independencia.

As 13 horas. — Banquete en honor do Consello de Galiza, nos salóns da "Cervecería del Uruguay".

As 22 horas. — Despedida das delegacións.

## Preprárase un aito de Galeuza na Universidade de Santiago

Son recibidos no palamento da veciña república os doctores Serra Moret e Suárez Picallo

Con ocasión da visita do doctor Serra Moret a Chile está sendo ouxeto de moitos agasallos e levanse a cabo siñificados aitos de afervoado repubicanismo, espresivos do novo ideario de reanimación dos povos peninsulares e de reconstitución do Estado hispano que está sendo esparecido baixo nome de GALEUZA.

A invitación do señor Santandreu, presidente do Parlamento chileno, celebrouse o día 8 d'este mes un xantar ao que asistiron destacadas persoalidades; e pola tarde, previa convocatoria especial, xuntouse o Parlamento en sesión a que asistiron, ademais


ticas peripécias, consiguió escapar de Alemania e llegar al Uruguay con nombre supuesto, tributándole el Parlamento Uruguayo, un homenaxe quizás único en los anales parlamentarios de estos últimos años, ya que en adhesión a la persona do señor Aguirre y del pueblo vasco, hicieron uso de la palabra en dicha sesión los representantes de todas as minorías parlamentarias.

Nombrado profesor de historia de la Universidad norteamericana de Columbia durante estos últimos años, ha realizado dos viajes por América pronunciando cientos de conferencias y discursos. La intensa actividad política del señor Aguirre es bien conocida. Quizás ningún otro político ha conseguido tan generales afectos y

hasta el respeto de sus más enemigos adversarios.

Es autor de diversos artículos, folletos y libros. Entre estos últimos figura el que apareció el pasado año con el título "De Guernica a Nueva York pasando por Berlín", del que se han hecho ya cuatro ediciones en castellano, y del que acaba de aparecer una edición inglesa de cien mil ejemplares en Norteamérica, y se está preparando otra en Londres. Está también en prensa, editado por la Universidad de Columbia, otro libro, sobre historia vasca, y el mes pasado apareció otro volumen en el que se recogen algunas de las conferencias pronunciadas durante su último viaje por Sudamérica.

EUZKERA



A numerosa Comisión Auxiliar da Directiva de Casa de Galicia de Montevideo, que colabora con gran entusiasmo na preparación dos actos a realizarse co motivo do 9º aniversario do plebiscito do Estatuto Galego. Esta formada por destacadas persoas da nosa colonia.

# VICTORIA!!

Sou a hora da victoria.  
En pé todalos homes libres do mundo que crén na Xustiza e no Dereito.

En pé para cantar a lumiosa alborada dos povos libres, ceibes por fin, do imperio da forza bruta pouada na mentira, no crime e no asoballamento dos homes e dos povos.

Neste inter dalgareira ledicia, todalos homes, todalas patrias do mundo están de festa. A besta apocalíptica, eistermíndora dos campos d'Europa foi vencida e ultimada na sua propia coba e con ela, os horribles fantasmas da Guerra, da Fame, a Peste, os Campos de Concentración e a Morte.

Hoxe, todalos homes do mundo ellan con fé o futuro; levan no seu corazón un canto despranza cara un munán de xustiza, paz e traballo. Un mundo sen odios raias nin conqueridores rapiñentes.

Unha Humanidade onde campo a xustiza e a liberdade entre os homes e os povos, pois sería criminal pensar nis xizera por un inter,

que os millóns d'hérois que loitaron e morreron nos campos de batalla defendendo os sagros dereitos da Democracia, somentes servira

para seren soterrados e non esquezamos, que os primeiros hérois d'esta española matanza caíron nos campos e cidades de Galiza, Euzcadi, Castela, Asturias, Cataluña, Estremadura... e non poderemos

nós, participar cumpridamente da universal ledicia, namentres o réxime franquista único responsabel da morte d'un millón d'espagnos,

da destrucción d'Hespaña e cancebeiro de centenares de milleiros de cidadáns nas cadeas e campos

de concentración, non desapareza para dar lugar a unha Hespaña forte e unida pousada na organización d'unha República federal na cal a liberdade das distintas nazonalidades será o millor vencello.

## A coletividade galega celebra a vitoria

No "Centro Orensano", e na "Federación de Sociedades Galegas" leváronse a cabo significativas manifestacións de adhesión e celebración do trunfo dos aliados, representantes dos ideaes de libertade e democracia, sober das potencias do eixo que representaban a escravidoute de homes e povos.

A celebración do "Centro Orensano" tivo lugar o día 9 pola noite e reuneu a un crecido número de persoas, entre as que estaban os membros do Censello de Galiza, representantes da Irmandade Galega e dos centros provinciales, e os redactores de A NOSA TERRA e "El Orensano".

O aito, no que houbo derroche a oratoria, foi na tónica e nas expresións, unha afirmación de vontade democrática e unha confesión de fé no porvir.

O homaxe da "Federación" a Vitoria consisteu nun "lunch", que tamén estivo moi concorrido e foi eispresivo do meirande fervor democrático.

## Números estraordinarios de "Euzko-Deya"

### 10 DE MAIO

Con motivo de o seu sexto aniversario, o periódico vasco "Euzko Deya", tirou un número a dúas cores de vintecatro páginas con abundante material literario e noticioso, así como unha cumprida ilustración.

Figuran traballos do Dr. Basurcochea, Tellagorri, Basaldúa, Irujo, F. de Madina, C. Barriar, A. Etxekalte, J. L. Cruzalegui, Bidasoia, Astilarra, Antón Olave, Ruiz Anibarre, etc.

Recolle en notas gráficas os feitos más salientes das aitividades da coleitividade vasca e fai reseña da celebración do oitavo aniversario do marteiro de Guernica, destacando os aitos de Galeuzca levados a cabo en Montevideo por galegos, vascos e catalás.

### 20 DE MAIO

Tamén a dúas cores e adicado á paz, é o "Euzko Deya" desta data.

Unha portada alegórica a eispresión das preocupacións, dos sentimientos e da fé no porvir, que hoxe están presentes en todalos espíritos, abre a serie de traballos e ilustracións d'este interesante número.

Nelle demóstrase cumprida-

## Con un xantar foi despedido da vida de solteiro o señor Valeriano Saco

O día 27 d'este mes foi agasallado con unha comida de despedida da sua vida de solteiro o noso bo amigo e moi afervoado, aitivo e intelectual galeguista, señor Valeriano Saco.

Un fato de amigos, entre os que figuraban o presidente do Consello de Galiza, Dr. Castelao e as autoridades do "Centro Orensano", do que o señor Saco foi secretario, levaron a cabo esta comida cordial e íntima no restaurante "El Liberal".

A demostración foille ofrecida ao señor Saco polo presidente do "Centro Orensano", señor Luis Gueda. Tamén falaron Alfonso R. Prol, secretario do mesmo Centro, Enrique González, que c fixo no nome da Comisión de Prensa do periódico "El Orensano" e Castelao. Todos tiveron verbas de agarimo para o ouvidio. O señor Saco agradeceu con axitadas manifestacións ao agasallo que se lle facía e rematou formulando votos polo progreso do "Centro Orensano" e polo trunfo dos seus ideaes, que era o vencello que os xuntaba a todos mantendo acceso o sentimento de irmandise no cotío do trato e na comunidade da laboura patriótica que presidia a presencia no recorde da Terra lonxana, máis inesquecida.

A reunión tivo unha tónica festiva, divertida e dunha alegría en medida acugulada.

A NOSA TERRA, ao rexistar este feito trascendente na vida do irmán Saco, fai votos polo seu maior cumprido felicidade d'ele e da sua compañoira, no novo estado que decontado escomenzará para elles.

## El Poble Catalá"

De México temos recibido un exemplar do N° 27 xaneiro-febreiro da publicación "El Poble Catalá", que se edita na capital d'aquela República.

Casi todo él está dedicado a esparecer o ideario de Galeuzca, cuxo pauto local reproduce.

Na primeira praza aparecen as fotografías de Castelao, Aguirre e Pi Suñer, os tres persoeiros máisimos de Galeuzca. Tamén figura nela a crónica da sesión na que foi acordada a unión dos nacionais dos tres povos, así como interesantes traballos encol da organización e propósitos dos mesmos diante do porvir.

Na segunda placa trai o texto do pauto de Galeuzca e as fotos dos membros do Consello Executivo de Galeuzca, que o siñaron: J. López Durá, por Galiza; Xoán Loperena, por Cataluña; e J. L. Irisarri, por Euzcadi.

Na terceira páxina figura un traballo do Presidente vasco, J. A. de Aguirre, sobre: "O Home i-a Nacionalidade, bases da paz futura".

mentre a enorme contribución do povo vasco na loita pola liberdade i-a democracia.

Hai traballos de Basterrechea, Irati, Tellagorri, Cruzalegui, Basaldúa, Lasarte, Etxekalte e outros más.

## EN FAVOR DO RETORNO AO REXIME REPUBLICAN DO GOVERNO D-HESPAÑA

Un grupo de 40 ex lexisladores, profesores universitarios, escritores, artistas profesionais e periodistas dirixiron as autoridades da conferenza de San Francisco un telegrama, no cal espreixan que "recoñecendo que o primeiro feito da guerra mundial foi a traxedia desenrolada na Hespaña pola intervención confesada e decisiva dos países totalitarios contra o governo legal da Repùblica", reclaman que aquela asamblea internazional "descoñeza o governo de forza que asoballa ao povo hespñol e lle done decidido apoio ao restabreamento da soberanía democrática e popular na Hespaña".

Adolfo Lanús, Segundo B. Gauna, Mauricio Bornand, Carlos A. Taquini, Alberto Hidalgo, José P. Barreiro, Romulo Bogliolo, Jacinto Oddone e otros.

## A nova Xunta Executiva da Federación de Sociedades Gallegas

Pol a vontade unánime dos delegados das sociedades que a componen, deuse unha nova Xunta a prestixiosa e batalladora entidade do epígrafe.

A tarefa que lle espera a nova Direitiva da Federación, tanto no que concerne aos seus problemas internos coma no tocante a marcha xeral da nosa coleitividade e as vinculacións cos movimentos de rexurdimento da Patria Galega cara unha vida ceibe e próspera, a ton cos feitos de melloramento e de xustiza social que hoxe caldexan a humanidade, fica encarada con toda valentía na sua declaración, da que facemos referencia n-outro lugar d'este mesmo número de A NOSA TERRA.

Compre destacar que ao frente d'esta noxa Xunta da Federación, atópase ocupando o cárrego de segredario xeral, o irmán Antonio Alonso Pérez, cuja capacidade é ben probada, e que visiblemente outea con teimoso afán cara unha unión da coleitividade encol de amplos e outos cometidos, tal coma cadra a unha masa humán dos valores e capacidade de acción como é a colonia galega do Plata.

Cos máis auspiciosos votos polo seu mellor éisito, NOSA TERRA faille chegar a nova Xunta os seus saúdos cordiales.

## A Oración do Porco

"San Antonio bendito,  
abogado dos porcos,  
compadécete deste  
desventurado cocho."

Sácame deste inferno  
en que, vivindo, morro,  
desprezado das xentes,  
recelando de todos.

Por todas partes vexo  
acusadores oíos,  
que me miran ardentes  
coma de feros lobos.

De día nin de noite  
podo atopar acougo:  
persiguenme con saña  
pantasmas pavorosos.

Escapo do cortello  
por non quedarme soio;  
coitelos afiados  
marguran os meus soños.

Sin esperanzas vivo,  
en compreto abandono;  
os meus caros compadres  
para sempre se foron.

Un morreu, como un rato,  
afogado nun sótano;  
o i-outro, meu proboño,  
tivo o fiñal dun porco.

¿Qué sorte me depara  
a mí o meu horóscopo?  
¿Farán de mí chourizos  
ou en sal serei posto?

¿Acaso nunha viga..  
penderei do pescozo?  
Non quero nin pensalo:  
é pra volverse tolo!

¡Por Deus, San Antoniño,  
sácame deste afogo  
¡Si valerme non puedes,  
a morte dame logo!"

Deste xeito rezando,  
berra o meirande cocho  
que ainda alenta en Hespaña,  
para do mundo oprobio.

Máis de nada valdránlle  
tantos rezos nin choros.  
¡Ha de chegar o día  
da xustiza do povo!

VERDUGUELLO.

## CASA SIERRA

### Grandes Establecimientos Funerarios

Callao 255 — Fco. Lacroze 4163 — Rivadavia 6602  
Córdoba 5375

TELEFONOS: (54) Darwin 7000 - 1363 - 9000 y 1020  
(38) Mayo 6056 — (63) Volta 7600

Sucursales en V. López, Olivos, Martínez y San Isidro (F.C.C.A.)  
(CONCESSIONARIOS DO CENTRO GALEGO)

## Casa OTERO

### PLACAS RADIOGRAFICAS

#### Artículos de Calidad "ELIOT"

#### PARA FARMACIAS Y HOSPITALES

AGUJAS Y JERINGAS HIPODERMICAS  
CATGUT, GUANTES, etc. - PERFUMERIA

General Urquiza 624

U. Telef. 45. Loria 8273

# Encol da Nosa Lingo

Damos a coñecer un treito da obra recente do Prof. Marques da Cruz, titulada "Portugués Prático", porque ainda hai xente que considera o idioma galego como un dialecto sen trascendencia, arredado da lingua portuguesa ou tal vez derivado do castelán.

A grande familia indo-europea, houbo un tronco, o celta, que, na sua migración para o Oeste, fixouse en varias rexións da Europa ocidental, —tronco dixado, inxénitamente, á poesía, segun afirmativas de grandes etnólogos, tronco, ao que chamaríe, hipotéticamente, galo, tronco, forte, duro, rudo; mais, ao mesmo tempo, aventureiro e lírico, que se fixou en varias rexións, cuxos nomes mostran, pol-o seu éntimo, a sua antíquissima liña: —na Galicia, hoxe provincia ao Sul da Polonia, onde o folklore abundante ten unha outa eispresión lírica; —na Escocia, na Irlanda, na Illa de Man, e no País de Gales, cuxos povos teñen carácteres especiais dentro da comunidade da Gran-Bretaña, e que falan unha língua especial, o gaélico; —na Galia, hoxe França, cuxo xenio de bravura e de sentimento, gaulés se impuxeran, a través da hestoria, ao mundo inteiro; —na Galiza, provincia do Noroeste da Península Ibérica, cuxo povo, o galego, tivo sempre outo releve na expansión cultural hispana.

I, en todas as partes, en todas estas rexións, Galicianos, Gaélicos, Gauleses e Galegos, todos apresentaban, a través das edades, na sua Literatura, Hestoria i Etnoloxía, outísimos marcos de brabura, de intelixencia e de sentimento lírico.

Celtas e Iberos foran o cerne racial dos hispanos e dos portugueses; galos foran un ramo celta, que se estableceu no Noroeste da Península, dándolle características de rudeza e de tenrura, audacia de navegantes e lírismo de trovadores.

Camões era de orixe galaica: foi o "trinca-fortes" das rixas universitarias, o "namorador incorreible", o navegador e o aventureiro, o épico de "Os Lusíadas" e o lírico inmortal de sonetos e cancions.

Como se sabe no século XII e XIII, a língua e a poesía eran comúns na Galiza e no Portugal. Xa varios escritores frisaran a tendencia innata dos dous povos para o lírismo, no Noroeste da Península. "En Portugal é tan natural a poesía (di-o o P. Sarmiento), que cada pastor é poeta, e cada moza de cántaro é poetisa. Esto, común en toda a España, é más particular en Portugal e Galiza.

Dispois, outros povos invadiran a Península, levándolle continentes de psicoloxías varias. Abulta, sempre, porén, a rudeza do celta e a tenrura do ibero, como un vinco galaico máis fino, máis doce, ao Noroeste da Iberia.

... Ten, porén, os diminutivos cariñosos, meigos, doces, docísimos, que as outras línguas non teñen, ducteis como un fío de ouro, doces como un bombón, quentes, fúlxidos ao sol peninsular do sentimento portugués: —maicinha... corazoncínio...

Tenrura, que, no portugués falado no Brasil, tomou taes sonancias de dozura, baixo o sol tropical, que Eça de Queiroz afirmou, algures, que "no Brasil se fala portugués con zucré" ...

## XANTAR EN HONOR DA XUNTA EXECUTIVA SAINTE DO CENTRO LUCENSE

O domingo 6 d-abril derradeiro, co gallo d-homaxear a Xunta Executiva sainte do Centro Lucense, efectuouse no campo "Galicia", un xantar que acudiu grandes proporcións pol-a inaxe de concurrencia de comensais e o estraordinario significado de galeguidade.

A cabecera da mesa que presidía o señor Xavier Vázquez Iglesias, estaba ocupada polos señores Alfonso R. Castelao, Antón Alonso Ríos e Claudio Fernández; señor Manuel Otero, presidente do Centro Galego de Bós Aires; señores Edoardo Díaz e Xosé Ma. Quintáns, presidente e segredario respectivamente do Centro Pontevedrés; señor Luis Gude, presidente do Centro Ourense; señores Xeraviso González e Xulio Fernández, presidente e Segredario respectivamente da X. E. sainte;

En nome da X. E. sainte, o señor Xulio Fernández agradó o homaxe e pon de manifesto a confianza a que son acreedores os homes que hoxe están ao fronte do governo da institución.

A rogo da concurrencia, Castelao, fai uso da verba e pronuncia un brillante discurso encol da provincia de Lugo finalizando c-un chamado a unión de todos os galegos cara labouras concretas de galeguidade afitando a Patria galega.

A continuación o señor Díaz Trigo fai súas as verbas de Castelao no senso de traballar arreio pol-a unión da colectividade galega en torno a ouxentivos galegos que prestixen as nosas institucións e a Galiza.

A nosa sinceira e afervoada adhesión acarón dos homes da nova X. E. do Centro Lucense na seguranza de froitiferas labouras apral do engrandecemento da progresista institución.

## BOAS NOVAS

### Morreou o "Correo de Galicia"

O 20 de maio derradeiro, o señor J. R. Lence matou i enterrou o "Correo de Galicia" por orde eispressa do "generálissimo".

As razóns que eispón — e que nós sabemos ben que son outras — atribúeas a que o tídeo en custión, non enche as cobizas patrióticas da "España Una y Grande".

Pol-o que se olla, trátase d-unha imperiosa razón desprazo vital necesario para a eisپación nesta parte d-América da política de Falanxe agachada, no inócente tídeo de "Nuevo Correo" e o más inócente subtídeo de "Semanario Español de Información y Letras".

Nós, que nunca tivemos tratos co señor J. R. Lence, apesares da insalvabel distancia ideolóxica que nos arreda, vémonos obrigados a agradecerle como galegos, tan acertada como saudable determinación, pois confesamos que moito nos doía que un periódico que ostentaba o sagro nome de Galiza, fora voceiro n-este país d'un sistema político universalmente repudiado.

## GALEGOS:

### CONCURRIDE A

## MONTEVIDEO

A COMEMORAR O 9º ANIVERSARIO DO  
PLEBISCITO AUTONOMISTA DE GALIZA

Grandes actos orgaizados polos irmáns do Uruguay  
os días

Sabado 30 de Xuño e Domingo 1º de Xuño



### INFORMES EN:

Federación de Soc. Gallegas	— Chacabuco 955
Centro Pontevedrés	— Chacabuco 955
Centro Orense	— Belgrano 2186
Irmadade Galega	— Belgrano 2186
Centro Coruñés	— Venezuela 1941

## O que Franco Quixerá que se Esquecese

(Do folleto "Publicaciones de la Delegación de  
Euzcadi en Chile")

"Na ocasión do coarto aniversario da vosa elevación á primeira maxistratura, que siñificou para Alemaña o retorno á grandeza, o poder e o esplendor, envíovos en nome da España nacionalista, que se atopa combatiendo contra a barbarie marxista, e no meu proprio, entusiastas felicitacións e cordiaes saudos. Ao mesmo tempo espresolle afervoados deseños de que o gran povo alemán alcance, baixo o grorioso embrema da swástica e guiado polos nobres desíños do Führer, a meta do seu destino imperial, e ao qual temos consagrado o noso agarimo".

En 18 de Xulio de 1938, Franco enviou a Mussolini o seguinte telegrama:

"No segundo aniversario da nossa Revolución Nacional, os mellores sentimentos do povo hispano e do seu xefe, son para Italia imperial e FASCISTA. Podedes estar seguros de que o sangue dos vosos bravos voluntarios e a nosa xuventude, crearon en nós lazos indisolubles".

### O EIXO CONVERTIDO NUN TRIANGULO

Franco dixo recentemente que élle nunca estivera ligado a Italia e Alemaña.

Veleiquí o que dixo o 17 de Xulio de 1941:

"O Eixo é agora triángulo, pois comprende a Alemaña, Italia i España".

### Camisería de mesura fina

PREZOS B6S

## BRIGO

Sáenz Peña 14 - Bós Aires

## One-Eleven



EL GRAN CIGARRILLO

AMERICANO

35 cts.

## NARCISO VIDAL (h)

AGENTE OFICIAL KODAK

Películas Radiográficas  
Accesorios — Rayos X

PASTEUR 768 BUENOS AIRES U. T. 47-4718

Si lle chaman "separatistas" aos galegos que non queren ser hispanos, ¿cómo debe chamárselle aos galegos que non queren ser galegos?

### O seu TRAXE

### O seu SOMBREIRO

### A sua CAMISA

### A sua ROUPA INTERIOR

### MERQUEOS EN:

## CELTÁ

FEDERICO LACROZE 4086  
UNHA CASA  
ENTEIRAMENTE GALEGA

¡Galicia! Nai e señora,  
sempre garimpeira e forte;  
preto e leños; onte, ago-  
(ra,  
mañán... na vida e na  
(morte!

R. CABANILLAS

# a nosa terra

BÓS AIRES, MAIO DE 1945

PRINCIPIOS DO  
GALEGUÍSMO  
1 - Galicia, unidade cul-  
tura.  
2 - Galicia, pobo autónomo  
3 - Galicia, comunidade  
cooperativa.  
4 - Galicia, céu de uni-  
versalidades.

¡Terra de Bergantíños! ¡Ou-  
tas uces de Xallas, fungadores  
pináis de Tella e de Froxán,  
fusco río Langüelle... "E tí  
Campana d'Anllóns", con qué  
orgullo vos lembrareis do voso  
pántor, o nobre bardo Gundar!

Certamente era "unha grande  
ronda" o derradeiro celta que na-  
ceu e morou nos vossos eidos.  
Pensamentos ou sados, pensa-  
mentos de ferro, furaron o seu  
miolo. Nos seus versos volcou o  
temor profundo que sentía pola  
sua patria. Non coa brandura  
"femínea" da virxe, mais coa  
rudeza varil do home. Nas en-  
tranás da raza buscó a inspira-  
ción para os seus cantos, du-  
ros como o granito no que se  
asenta a nosa Terra.

Hai quer-o acusa de imitador  
de Osián, pero, ¿qué teñen que  
ver as lendas gaélicas, amañadas  
polo escocés, Macpherson, cos  
poemas célticos de Pondal?  
Aquél trata simplesmente de  
facer revivir un pasado, sin cu-  
bra trascendencia; Pondal afur-  
tase no pasado para proxectar un  
porvir, invoca aos nosos abós  
para despertar a nosa concencia.  
Vela a sua orixinalidade. Coido  
que esto está ben craro.

Polo demais, é difícil ou im-  
posible atopar en literatura te-  
mas novos. O caso é tratalos de  
distinto xeito.

## XUVENTUD

Arredor de vinte anos tiña  
Pondal cando se dou a coñecer  
como poeta. Era estudiante en  
Sant-Iago. Por aquele entón ain-  
da estaban vivos os recordos da  
fracasada revolución do 46, na  
que o precursor do galeguismo,  
Antolín Faraldo, había erguido  
a bandeira da autonomía galega.  
Certo que as ideias eran todavía  
un pouco confusas, e misturá-  
banse as nacionalistas coas libe-  
raes da época, produto da Revo-  
lución Francesa. Pero a xuven-  
tude, o mesmo a universitaria  
que a artesán, latexaba cun sen-  
timento unánime de progreso e  
liberdade, que poña medo nas  
entes levíticas de Compostela.

A fronte desta xuventude en-  
tusiasta, estaban Aurelio Agui-  
rre e Pondal. E para estreitar os  
laços dos intelectuais cos obrei-  
ros, celebrouse en Conxo un ban-  
quete memorabel, que encheu de  
terror aos burgueses da cidade  
apostólica. Nese famoso banque-  
te foi onde o noso poeta leeu en  
público os seus primeiros ver-  
sos, que meresceron os loureiros  
da vitoria.

Apagados os entusiasmos polí-  
ticos, o movemento de renova-  
ción sigue por outro canle. Pro-  
dúxose un renacemento literario,  
e Pondal ocupou un dos postos  
de vanguarda.

Dispos de termiñada a sua ca-  
reira de médico, intentou exer-  
cela. A tal efecto, fixo oposicións  
para ingresar na sanidade da  
Armada, e levou praza. Mais  
cando recibeu a orde de presen-  
tarse no Ferrol para incorporar-  
se ao seu destino, en lugar de acudir ao chamamento, marchou  
para a sua casa petrual, renun-  
ciando desa maneira, quizáis a  
un brillante futuro. O vate de  
Ponteceso non podía suxetarse a  
ningunha cras de discipriña.

## MEDITACION

Como dixo Murguía, Pondal  
nacera poeta e tiña a sorte de  
poder selo. Por ningún tesouro  
do mundo quería escravizar o

## O Poeta da Raza Galega

# Eduardo Pondal

Por RAMON REY BALTAZAR

seu espírito, retirouse, pois, a  
sua Tebaida e nela permaneceu  
calado longos anos.

Recorrendo as aspas gándaras,  
rubindo ás outas uces, escoitando  
o fungar dos piños, sentado nas penas da costa bravía.  
diante do imenso mar que bruba-  
ba ao romperse nos baixos de  
Camelle, foi entrando pouco a  
poco na sua alma a luz que o  
alumou durante toda a sua  
vida.

O demo meteu néle e rebe-  
louse contra as inxustizas do  
mundo.

"Queráis s'agita n'el o espírito  
[insomne  
do ángel da primeira rebelión".

Sinteu anceios de infindo, e  
quixo, como Icaro, acercarse ao  
sol. Voou polas outuras en pro-  
cura do ceu. Considerábase diño  
de habitar no Olimpo e beber o  
neitar dos deuses. ¡Gran pecado!  
O home, para merecer o agrado  
da divinidade ten que ser humilde,  
obediente e manso. O orgullo  
e proprio de Satán. Pormeteu foi  
castigado pola sua audacia e  
Adán i Eva foron arroxados do  
Paraíso por haber desobedecido  
a Xehová, que lles había proibi-  
do comer froito do arbore da  
cencencia do ben e do mal.

## LIRISMO

O noso poeta non se confor-  
mó coa vida fácil e regalada,  
nin tratou de esplotar a posición  
que lle dera o nacemento, cor-  
querindo honores ou aumentan-  
do riqueza; desprezou os bens  
terreos e correu tras dunha ilu-  
sión, dun ideal. O seu espírito,  
anhelante de beleza, de verdade  
e de xustiza, vagaba polos ca-  
miños de estrelas. O aguillón dia-  
bólico que o acuciaba era máis  
forte que a sua vontade.

"Tal do meu ser no fondo  
levo unha lus lanza;  
que d'un origen grande,  
me dice que fun já;  
e m' obriga e espolea  
a fantasia audaz,

en pos do grande e ignoto,  
por unha lei fatal;  
e e' unha forza ingente  
me compelle a cantar"

Como Höderling, como Kleist  
e como Nietzsche, os tres gran-  
des líricos xermáns, cuxa loita  
demoniaca tan maximalista  
describe Stephan Zweig, viveu  
fora da realidade, aillardado de ami-  
gos e parentes, soio no seu mun-  
do de ensoño, desprezando aos  
"necios humáns". ¡Quén sabe o  
que houbera sido d'ele si non  
chega a ter a sorte de poder des-  
preocuparse do prosaismo da vi-  
da! Pero ¡quén sabe tamén si a  
sorte d'ele non foi unha desgra-  
cia para a poesía!

A mediocridade que reñaba  
no ambiente tifao por tolo. E até  
a "eximia" Dona Emilia, con sor-  
na de mal gosto, empregando  
unha verba de dobre senso, cha-  
móulle lunático porque dí que  
amaba a lus da luna. Ele dábase  
conta e decía:

"Non s'tou tolo, non s'tou tolo.  
Se queráis estou tolo,  
estou tolo d'amor.  
Craro que estaba tolo de amor,  
pero non por ningunha "rapace-  
ta"; estaba tolo de amor por to-  
das as cousas grandes que ani-  
ban no seu peito xeneroso.  
Moita amargura debeulle cau-  
sar esta incomprensión das xen-  
tes, cando escribe:

"Este que aquí contémpras,  
ós corvos ofrecido,  
non foi, non, vagamundo  
ni vulgar asesiño;  
por más que a intensa barba  
e o ademán esquivo,  
amostren a rudeza  
do seu longo camiño;  
mais un bardo a quén dera  
a patria trato indíño;  
e a quén os propios seus,  
deran duro martirio;  
escuros ignorantes  
da lus d'este diviño".

Por eso fuxía da vulgaridade

que o asfisiaba i escondíase no  
seu amado retiro de Ponteceso  
ou na cova céltica da Cruña, on-  
de outros tolos como él pasaban  
o tempo en soñación perpetua.

## MATURIDADE

A obra poética de Pondal non  
é coñecida na sua totalidade. O  
primeiro libro que apareceu co  
título "Los Rumores de los Pi-  
nos", non refexa o verdadeiro  
espírito do cantor dos fillos de  
Breogán. Casi todalas composi-  
ciones están escritas na língua de  
Castela. Teñen unha feitura ma-  
nificia, pero son en xeral tri-  
viaes. A única que se destaca,  
como formosa xoia entre pérolas  
falsas, é a celebrada "Campana  
d'Allóns", que abastaría para  
consagración e fama dun poeta.

O seu segundo libro "Queixu-  
mes dos Pinos" é o que consti-  
tue a Biblia da poesía pondaliana;  
por él o seu nome endexa-  
más se borrará da memoria dos  
homes.

Outras poesías foron publica-  
das en distintos xornais e moi-  
tas más permanecen inéditas,  
nos arquivos da Academia Gale-  
ga, descollando entre elas as que  
compoñen o poema titulado "Os  
Eos", (os fillos do sol). Este  
poema que o autor considera co-  
mo a sua obra definitiva e no  
que traballou con cariño durante  
coarenta anos, trata da epopeia  
referente ao descubrimento e  
conquista da América. E, se-  
gundo Lugris Freire, "acadará  
para o seu nome un posto entre  
Camoens, o Tasso e Milton".

A poesía pondaliana ten unha  
carácteristica ben marcada. Os  
seus versos, rexos, variles, cheos  
de fondura, baixo unha forma  
impecable, son merecedoiros de  
ser labrados a cisel e martelo nas  
duras laxes do Fisterre.

Non soan ao ouvido como os  
cantos mimosos da nai, nin como  
a música "di cámara"; teñen os  
acentos rudos da virilidade. O  
corno dos celtas, igoal que a

trompa de Sigfrido e os berros  
das Walkirias na Tetraloxía  
wagneriana, escóitase, como nota  
fundamental ao través de to-  
da a melodia poética.

Envoltos nas brumas do Atlán-  
tico, os versos do vate bergan-  
tián, recollen o bramido do  
mar, os queixumes dos pinos, os  
chillidos das píllaras, o aullar dos  
lobos... toda esa sinfonía dunha  
natureza primitiva, onde o home  
ten que poñer a proba o seu co-  
razón e o seu brazo.

Tradizón e paisaxe son os ele-  
mentos principais da sua lírica;  
pero, atópanse, ademais, os polí-  
ticos e sociais. Así chama aos  
irmáns lusos para que veñan con  
nosco a formar unha soia naz-  
onalidade e pide para os servos  
e os ilotas a prenitude dos derei-  
tos humanos.

Os versos de Pondal, o mesmo  
que os "feros corvos de Xallas",  
non teñen hoxe nin mañán; son  
de sempre. Por moito tempo que  
pase, por moitos cambios que  
haxa no mundo, nunca pasará de  
moda. Están marcados co selo  
da inmortalidade.

## VELLEZ E MORTE

Longa vida foi a deste home  
venturoso, longa e inxénua, co-  
mo a dun neno; endexamáis fi-  
xo mal a ninguén, nin pola sua  
vontade se verteu unha soia bá-  
goa.

Arredado da realidade, vivía  
no seu mundo espiritual contento  
e feliz. Sendo xa vello, o me-  
llor regalo que se lle podía fa-  
cer, era leerlle os seus versos,  
que escotabas con relixoso silen-  
cio, como en éstasis, ausente de  
todo, esquecido de sí mesmo.

Moitas veces, a sua irmán, que  
o trataba como si fora un rapaz  
que precisara os coidados dunha  
nai, chegábase a él, toda noxa-  
da, para lembrarle que xa era  
hora de xantar.

Pondal, resiñado, estendendo  
os brazos, cal si quixera apartar  
de si un contacto impuro, er-  
guíase lentamente, dicindo con  
mansedume: "Xa vou, muller,  
xa vou".

Oitenta e un anos tiña cando  
se fixo noite na sua alma. E nes-  
tes sencillos e sentidos versos,  
deixou mañifestada a sua derra-  
deira vontade:

"Cando eu pasar desta vida  
levádeme a Ponte Ceso,  
non vestido este meu corpo  
de profano vestimento,  
mas de saial de Francisco,  
cinguido, humilde, singelo,  
que aunque humilde non nacín  
humilde reposar quero,  
e já ali, me sepultade  
no monumento paterno...  
Cando eu pasar de estu vida  
levádeme a Ponte Ceso.

"Se non for na Ponte Ceso,  
sepultademe na Cruña,  
nesta garrida cibade  
que mil belezas aduna  
a cabo do insigne Curros,  
já que a d'él ya miña musa  
a fala de Breogán  
fixeron nobre e robusta:  
Eu quero jacer de par  
de tan nobre sepultura...  
Se non for na Ponte Ceso,  
sepultademe na Cruña".

Esta cidade foi a que tivo o  
honor de receber as cinzas do  
meirande poeta racial da nosa  
terra e do máis bó home do  
mundo.

## O 2 DE MAYO

estraneiro.

Non embargantes, non eisisti-  
a un poder central. Cada re-  
xión, cada provincia orgaízárase  
polo seu conta, formáronse as  
chamadas Xuntas independentes  
unhas de outras, que levantaban  
exércitos, cobraban impostos e  
até concertaban alianzas con go-  
bernos alleos. Foi un verdadeiro  
rexurdimento do espírito individualista  
e nazionalista dos distin-  
tos povos que componen Hes-  
paña.

Para os centralistas esto de-  
bería ser un caos, unha Babel,  
nen que se apoderara xa de cu-  
se que todo Europa; os corazóns  
non se encollían polo mañitude  
da empresa. Dende o Mediterrá-  
neo ao Atlántico e dende o Can-  
tábrico até as columnas de Hércules,  
non había un soio peito na  
Península que non latexara de  
amor polo Patria e de odio ao

tral fixo posibel a salvación de  
Hespaña. Si aquél houbera tido  
forza para facer respetar as suas  
ordes, a capitulación total fora  
inmediata. O povo rebelouse pre-  
cisamente contra ese goberno,  
que estaba entregado a Napo-  
león, e fixo a guerra por sí mes-  
mo.

Galiza non tivo que crear nin-  
gún novo orgaísmo para poñer  
en marcha a sua autonomía. Re-  
sucitou a vella Xunta Xeral do  
Reino, e coela levou a cabo a  
obra de botar aos franceses do  
seu chan, habendo tido o honor  
de ser a primeira en consegui-lo.

Este venturoso ensaio de fede-  
ralismo, non soubo ser aproveitado  
polas cegas Cortes de Cá-  
diz, que todo o fiaban ao ferrio  
unitarismo, que é o que impide  
o desenrollo dos povos, das na-  
zóns peninsulares, e ten tollida a  
verdadeira grandeza do Estado  
Hespañol.